

b) No caso de produtos a granel responde o posuidor destes, sen prexuízo de que se poida identificar e probar a responsabilidade do anterior posuidor, provedor ou subministrador.

c) No suposto de produtos envasados, etiquetados e pechados con peche íntegro, responde a marca ou razón social que figure na súa etiqueta, presentación ou publicidade. Poderase eximir desa responsabilidade probando a súa falsificación ou incorrecta manipulación por terceiros, que serán os responsables.

2. En todo caso será de aplicación o réxime de responsabilidade previsto no artigo 148 aos produtos alimenticios, os de hixiene, limpeza, cosméticos, especialidades ou produtos farmacéuticos, gas, electricidade, vehículos de motor, xoguetes e produtos dirixidos aos nenos.

3. Se á produción de danos concorren varias persoas, responderán solidariamente ante os prexudicados. O que pagar ao prexudicado terá dereito a repetir dos outros responsables, segundo a súa participación na causación dos danos.

Disposición derradeira primeira. *Modificación de contías.*

Autorízase o Goberno a modificar as contías establecidas esta norma. As contías dos artigos 51 e 148 modificaranse tendo en conta a variación dos índices de prezos de consumo e as previstas no artigo 141 para adaptalas ás revisións periódicas da normativa comunitaria.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno para ditar, en materia da súa competencia, as disposicións precisas para a aplicación desta norma. En particular, o Goberno determinará os produtos de natureza duradeira a que se refire o artigo 126.

Disposición derradeira terceira. *Aplicabilidade do réxime regulamentario en materia de infraccións e sancións.*

Para os efectos do establecido no libro primeiro, título IV, capítulo II desta norma será de aplicación o Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo das súas posteriores modificacións ou adaptacións polo Goberno.

**20556** *REAL DECRETO 1545/2007, do 23 de novembro, polo que se regula o Sistema Cartográfico Nacional.* («BOE» 287, do 30-11-2007.)

A Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, de ordenación da cartografía, regula o marco en que se veu desenvolvendo a actividade cartográfica oficial en España. O seu maior éxito consiste en ter contribuído ao eficaz desenvolvemento da cartografía por parte das administracións públicas competentes, ben que o sistema deseñado non evitou (nalgúns casos) unha duplicidade do gasto e do esforzo público nesta materia. Por esta razón esencial, determinouse a necesidade de establecer un Sistema Cartográfico Nacional que, con respecto ao disposto na lei e á Sentenza 76/1984, do 29 de xuño, do Tribunal Constitucional, supoña un sistema racional e operativo, dentro dun marco de colaboración e eficiencia, que favoreza o exercicio da actividade cartográfica, base común do desenvolvemento económico e social que propugnan todas as administracións públicas españolas para os cidadáns e os seus respectivos territorios.

A produción cartográfica, ao se tratar dunha actividade de base obxectiva, que reflicte unha realidade primordial como é o territorio, non permite as discusións habituais noutras disciplinas máis especulativas. Por iso,

abonda con alcanzar un acordo relativo aos criterios cartográficos de representación para que calquera axente poida utilizar indistintamente as súas propias producións cartográficas ou as doutros axentes, sempre e cando fosen realizadas seguindo os mesmos criterios. Esta inmediata capacidade de colaboración –unha vez que o método que se vai utilizar debe ser o normalizado conforme as iniciativas e modelos da Unión Europea– permite numerosos aforros en esforzo e gasto público, e favorece que a regulación do Sistema Cartográfico Nacional sexa atinada en canto ao seu deseño grazas á responsabilidade dos seus integrantes e ao establecemento de cláusulas de salvagarda que aseguren a súa liberdade de acción dentro do Sistema. Esa dobre garantía de sometemento voluntario ao Sistema (con capacidade autónoma de apartarse ou separarse del) e de aproveitamento extensivo deste, supón a base sobre a cal se fundamentou o desenvolvemento do Sistema Cartográfico Nacional, deseñado a partir do establecido na Lei 7/1986 e da súa xestión por parte das distintas administracións do Estado.

Pero esa dobre garantía non é suficiente para ofrecer toda a eficiencia e transparencia que necesita o sistema, polo que foi dotado duns mecanismos que aseguren a obxectividade e a publicidade dos seus principios e que resulten áxiles e flexibles na súa aplicación.

Destá maneira, o Sistema Cartográfico Nacional, que se define e regula neste real decreto, constitúe o marco obrigatorio de actuación da Administración xeral do Estado en materia cartográfica, así como de todas aquelas administracións públicas que voluntariamente o adopten como modelo de actuación cooperativa para o mellor servizo dos intereses xerais, salvagardando a repartición competencial establecida e manténdoa. No entanto, ese modelo non se pode considerar como unha fórmula que elimine atribucións de ningunha Administración no exercicio das súas competencias nin supón, tampouco, que ningunha Administración se poida arrogar novos títulos competenciais, posto que é o resultado que normativamente se configura mediante un real decreto do Goberno da Nación que vén definir, conforme o principio de cooperación entre as administracións, o marco que garante a participación de todos os entes involucrados na toma de decisións, xa que o sistema de distribución competencial vixente conduce a unha actuación conxunta das administracións públicas, e co proceso de elaboración desta norma (que supuxo tres anos de busca constante do acordo pleno) séguese a doutrina tantas veces expresada polo Tribunal Constitucional, como, por exemplo, na súa Sentenza 68/1996, do 4 de abril. Neste mesmo sentido, débese recoñecer a excepcionalidade da norma, que se utiliza como instrumento para desenvolver, a partir da Lei 7/1986, a regulación de todos os aspectos esenciais da materia, que foron acordados entre as distintas administracións, debido ao seu carácter marcadamente técnico.

Con este propósito, o real decreto contén a descrición dese marco cooperativo de actuación de xeito que regula os instrumentos esenciais creados pola citada Lei 7/1986, revisando e completando o contido do Real decreto 2039/1994, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de réxime xurídico e de funcionamento do Rexistro Central de Cartografía, e o do Real decreto 1792/1999, do 26 de novembro, polo que se regula a composición e funcionamento do Consello Superior Xeográfico, e desenvolvendo o previsto no artigo oitavo da lei respecto ao Plan cartográfico nacional. Igualmente, atendendo ás previsións normativas e respondendo á necesidade de garantir a dispoñibilidade, fiabilidade e accesibilidade dos datos xeográficos, defínese e régúlase a Infraestrutura nacional de información xeográfica e encoméndanse as diversas responsabilidades para a súa organización.

En concreto, co obxecto de actualizar o funcionamento do Consello Superior Xeográfico e adecualo á

realidade operativa do Sistema Cartográfico Nacional, así como para asegurar a súa plena eficacia como autoridade cartográfica nacional, terá capacidade para fixar os requisitos e especificacións técnicas de idoneidade ou criterios de homologación que deba satisfacer a produción cartográfica oficial, contribuirá a realizar a definición e a potenciar o desenvolvemento dunha infraestrutura nacional de información xeográfica, autorizará producións distintas das asignadas no seo do Sistema Cartográfico Nacional e que están establecidas normativamente neste real decreto, disporá de poderes para arbitrar posibles conflitos entre os integrantes do sistema e procurará a difusión da toponimia oficial e normalizada. Finalmente, créase unha Comisión Territorial, coa participación das comunidades autónomas, con presenza executiva no goberno do Sistema e poténsiase a Secretaría Técnica como garantía e soporte técnico para un funcionamento eficiente do Consello como auténtico órgano superior do Sistema Cartográfico.

Por outra parte, transcorrido o suficiente tempo desde a primeira regulación do Rexistro Central de Cartografía, e dado o desenvolvemento experimentado pola produción cartográfica oficial e polas tecnoloxías da información, particularmente dos sistemas de información xeográfica, e co fin de fortalecer as fórmulas de cooperación e coordinación entre as distintas administracións públicas no seo do Sistema Cartográfico Nacional, establécese unha nova regulación do Rexistro Central de Cartografía para garantir un funcionamento máis actualizado e adecuado.

Ademais, deséñanse os mecanismos que deben permitir obter toda a eficiencia do Sistema, tanto na planificación como na produción da cartografía oficial, adoptando unha determinada distribución indicativa de atribucións entre os axentes integrados e garantindo unha colaboración entre eles verdadeiramente real.

Desenvólvese o artigo oitavo da Lei 7/1986, que dispón a elaboración dun Plan cartográfico nacional e encárgaselle ao Consello Superior Xeográfico a súa coordinación cos plans e programas de produción cartográfica de todas as administracións públicas. Para este fin, determináronse no marco do Sistema Cartográfico Nacional as funcións necesarias para a súa elaboración, seguimento e avaliación e para asegurar a coordinación entre plans, a colaboración e cooperación entre axentes públicos e as necesarias vías de excepción, todo isto co obxectivo de asegurar a consecución dun sistema con eficiencia máxima.

Establécense as normas mínimas para a constitución, operatividade e mantemento dunha infraestrutura nacional de información xeográfica que poida desenvolver a ambiciosa idea contida na disposición transitoria da lei, que non se puido materializar nos anos de vixencia desta, a pesar do taxativo da súa redacción, pola ausencia dun instrumento adecuado e da tecnoloxía para levala a cabo. Hoxe existe xa esa tecnoloxía e non se pode demorar máis a súa concreción e desenvolvemento para garantir a súa adecuada explotación.

Finalmente, o texto inclúe disposicións específicas para os produtores de cartografía da Administración xeral do Estado, co único propósito de garantir a eficiencia do gasto público tamén nesta materia e a coherencia dos esforzos de todos os axentes implicados dirixidos polo Goberno da nación.

No proceso de elaboración deste real decreto foron oídas as comunidades autónomas, así como o Consello Superior Xeográfico, que emitiu o seu informe favorable na reunión celebrada o día 17 de maio de 2007.

Na súa virtude, por proposta conxunta da ministra de Fomento e do ministro de Defensa, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e tras deliberación do Consello de ministros, na súa reunión do día 23 de novembro de 2007,

## DISPÕO:

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto, en aplicación da Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, de ordenación da cartografía, regula as actividades de recollida, almacenamento, tratamento e difusión de información xeográfica sobre o territorio nacional e o seu mar territorial, a zona contigua, a plataforma continental e a zona económica exclusiva, realizada polas autoridades públicas a través do Sistema Cartográfico Nacional.

##### Artigo 2. *O Sistema Cartográfico Nacional.*

1. O Sistema Cartográfico Nacional é un modelo de actuación, constituído en desenvolvemento da Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, de ordenación da cartografía, que persegue o exercicio eficaz das funcións públicas en materia de información xeográfica mediante a coordinación da actuación dos diferentes operadores públicos cuxas competencias concorren neste ámbito.

2. O Sistema Cartográfico Nacional, salvagardando os intereses específicos da defensa nacional, ten encomendado o cumprimento dos seguintes obxectivos:

a) Garantir a homoxeneidade da información producida pola multiplicidade de organismos públicos que formen parte del e que de maneira concorrente desenvolven actividades cartográficas no territorio nacional, para asegurar así a súa coherencia, continuidade e interoperabilidade.

b) Favorecer a eficiencia no gasto público destinado a cartografía e sistemas de información xeográfica, evitando a dispersión e a duplicidade dos recursos públicos utilizados e promovendo a cooperación interinstitucional.

c) Asegurar a dispoñibilidade pública e a actualización dos datos cartográficos de referencia.

d) Asegurar a calidade da produción cartográfica oficial e a súa utilidade como servizo público, facilitando o acceso público á información xeográfica e favorecendo a competitividade do sector cartográfico privado.

3. Para o cumprimento dos seus obxectivos, o Sistema Cartográfico Nacional contará cos seguintes instrumentos:

- a) O Equipamento xeográfico de referencia nacional.
- b) Os plans de produción da cartografía oficial.
- c) O Rexistro Central de Cartografía.
- d) A Infraestrutura nacional de información xeográfica.
- e) O Consello Superior Xeográfico.

##### Artigo 3. *Ámbito subxectivo de aplicación.*

1. Para os efectos do previsto neste real decreto, o Sistema Cartográfico Nacional está constituído polos plans e programas de produción cartográfica oficial, pola toponimia oficial e normalizada, polas infraestruturas de datos espaciais que se basean en información xeográfica oficial, polos produtos e servizos de información xeográfica elaborados polas administracións públicas e por outros axentes públicos nas citadas materias, así como polas relacións entre eles.

2. Formarán parte do sistema as entidades que teñan atribuídas as funcións de recollida, almacenamento, tratamento ou difusión de información xeográfica nas seguintes administracións públicas:

a) A Administración xeral do Estado e as entidades do sector público estatal.

b) A Administración das comunidades autónomas, e as entidades do sector público autonómico, sempre que manifesten a súa vontade de integrarse nel.

c) As cidades con estatuto de autonomía e demais entidades locais, sempre que manifesten a súa vontade de integrarse nel.

3. As comunidades autónomas e as cidades con estatuto de autonomía que se integrasen no Sistema poderán, en calquera momento, acordar a súa separación do Sistema mediante comunicación do seu órgano de goberno ao Consello Superior Xeográfico cunha antelación de dous meses. Cando unha desas administracións públicas exercese esta cláusula de separación non poderá solicitar a reintegración ao sistema ata que transcorrese un prazo de dous anos desde que se fixese efectiva a dita cláusula.

4. As administracións locais que se integren no Sistema participarán neste nos termos que establece este real decreto para o exercicio das competencias que o ordenamento xurídico lles atribúa como propias ou as que exerzan mediante convenio ou outras fórmulas de cooperación interadministrativa e, para o resto de competencias que nesta materia puidesen exercer, farano conforme determine a comunidade autónoma respectiva, se está integrada no Sistema, no marco das súas propias normas ou plans e programas cartográficos. A súa separación do Sistema ou reintegración a el dependerán, se é o caso, da normativa autonómica correspondente.

5. As administracións autonómicas e locais que soliciten integrarse no Sistema participarán plenamente na parte da subscripción dun convenio de colaboración coa Administración xeral do Estado, a través da Presidencia do Consello Superior Xeográfico, no que se poña de manifesto a súa total aceptación dos contidos deste real decreto que lles afecten. A separación materializarase mediante a denuncia formal do referido convenio de colaboración.

## CAPÍTULO II

### O Equipamento xeográfico de referencia nacional

Artigo 4. *Contido, elaboración e difusión.*

1. Toda a produción de información xeográfica e cartografía oficiais se realizará a partir do Equipamento xeográfico de referencia nacional, que estará integrado polo sistema de referencia xeodésico, do que forman parte as redes nacionais xeodésicas e de nivelacións; polo Sistema oficial de coordenadas, do que forman parte tanto as coordenadas xeográficas baseadas no Sistema de referencia xeodésico como as coordenadas planas do Sistema de proxección UTM, en escalas superiores a 1:500.000; pola toponimia oficial recollida no Nomenclátor xeográfico básico de España; polas delimitacións territoriais inscritas no Rexistro Central de Cartografía; e polo Inventario nacional de referencias xeográficas municipais, que reflectirá a situación xeográfica de cada entidade local contida no Rexistro de Entidades Locais.

2. No marco da normativa vixente, encoméndaselle á Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional a formación, o control, o sinalamento, se for necesario, e a difusión do Equipamento xeográfico de referencia nacional.

3. Todos os datos relativos ao Equipamento Xeográfico de Referencia Nacional facilitaráselles gratuitamente aos produtores de cartografía oficial integrados no sistema.

## CAPÍTULO III

### A planificación da produción cartográfica oficial

Artigo 5. *Clasificación da cartografía oficial.*

1. Enténdese por cartografía oficial a representación gráfica, tanto en soporte analóxico como dixital, dos elementos xeográficos sobre a superficie terrestre, a plataforma continental ou os fondos mariños, nun marco de referencia previamente definido e matematicamente adecuado, realizada polas administracións públicas, ou baixo a súa dirección e control, no marco das súas competencias e con suxeición ás prescricións da Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, e deste real decreto.

2. A cartografía oficial pode ser básica, derivada ou temática, conforme os termos establecidos respectivamente nos artigos 3, 4 e 5 da Lei 7/1986, de ordenación da cartografía.

3. A cartografía básica é aquela que se obtén por procesos directos de observación e medición da superficie terrestre, servindo de base e referencia para o seu uso xeneralizado como representación gráfica da Terra. A cartografía básica pode ser topográfica ou náutica.

4. Enténdese por cartografía topográfica aquela que representa a morfoloxía do terreo así como os obxectos, naturais ou artificiais, cunha posición determinada sobre a superficie terrestre. A cartografía topográfica pode ser básica ou derivada.

5. Enténdese por cartografía náutica aquela especificamente deseñada e destinada para satisfacer os requirimentos e prescricións da navegación marítima, representando profundidades, tipos de fondos, configuración e características da costa, perigos, obstrucións, zonas regulamentadas e axudas á navegación.

6. A cartografía derivada é a que se forma por procesos de adición ou de xeneralización da información contida na cartografía básica. A cartografía derivada pode ser topográfica ou náutica.

7. A cartografía temática é a que, utilizando como soporte cartografía básica ou derivada e conservando os seus atributos, singulariza ou desenvolve algún aspecto concreto da información contida naquela ou incorpora información adicional específica. En todo caso, considérase cartografía temática a seguinte:

a) Militar, xa sexa topográfica, naval ou aeronáutica, aquela que inclúe información necesaria para a defensa nacional.

b) Aeronáutica, aquela que inclúe información necesaria para a navegación aérea, civil ou militar.

c) Xeolóxica, aquela que inclúe información sobre a disposición, evolución, natureza e estrutura dos terreos.

d) Ambiental, aquela que informa sobre características do medio en relación cos seres vivos, coa caracterización da paisaxe e cos resultados da actividade humana sobre ese medio, así como respecto da normativa de referencia ou aplicación.

e) Forestal ou agrícola, aquela que recolle información sobre a estrutura da vexetación forestal ou dos cultivos agrícolas, así como dos seus aproveitamentos primarios, e sobre o potencial ou aptitude do terreo para estes usos.

f) Oceanográfica, aquela que inclúe información sobre as costas, mares e océanos.

g) Estatística, aquela que incorpora información demográfica e socioeconómica.

h) Catastral, aquela que recolle a descrición parcelaria ou superficial dos bens inmobles, conforme o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo.

i) Urbanística, aquela que recolle a información topográfica dos plans territoriais, municipais e de desen-



volveremento, incluíndo a situación, distribución e relación entre as distintas figuras ou determinacións aprobadas nos plans de ordenación do territorio que afecten un determinado ámbito.

j) De infraestruturas e servizos, aquela que recolle a localización, distribución e capacidades das instalacións, redes de transporte, de servizos e infraestruturas.

k) De riscos e emerxencias, aquela que identifica as áreas xeográficas susceptibles de sufriren danos catastróficos, en caso de que se materialicen riscos naturais, tecnolóxicos ou doutra natureza sobre as persoas ou os seus bens.

l) Didáctica, aquela que recolle información física, política ou de calquera outra índole con fins pedagóxicos.

m) Arqueolóxica, aquela que recolle información sobre o patrimonio arqueolóxico, en especial, sobre xacigos e zonas arqueolóxicas que se encontren en superficie, no subsolo, no mar territorial ou na plataforma continental.

n) Específica, aquela que proporciona unha imaxe cartográfica das características físicas, xurídicas, económicas, sanitarias, industriais, patrimoniais, turísticas, de transportes, gandeiras, socioculturais ou da evolución histórica dun territorio, así como os mapas que reflectan unha realidade específica conforme a normativa vixente.

#### Artigo 6. *Competencias de produción cartográfica.*

1. Todos os axentes integrados no Sistema Cartográfico Nacional poderán, no marco establecido pola Lei 7/1986, de ordenación da cartografía, producir a cartografía oficial que precisen para o exercicio das súas competencias. Non obstante, co fin de alcanzar a máxima eficiencia do Sistema, adóptase a seguinte distribución indicativa e non excluínte de atribucións no seo do Sistema:

A Administración xeral do Estado producirá a cartografía náutica, a cartografía topográfica de series nacionais a escalas de 1:25.000, 1:50.000 e menores e calquera cartografía temática que precise no exercicio das súas competencias.

a) As comunidades autónomas producirán a cartografía topográfica a escalas maiores que 1:25.000 e calquera cartografía temática que precisen no exercicio das súas competencias.

b) As entidades locais producirán a cartografía topográfica a escalas maiores que 1:5.000 e calquera cartografía temática que precisen no exercicio das súas competencias.

2. O incumprimento das obrigas de produción cartográfica previstas no correspondente plan ou programa dunha Administración integrada no Sistema facultará o Consello Superior Xeográfico para acordar coa Administración pública respectiva o seu desenvolvemento. Transcorridos dous anos desde a aprobación do plan ou programa sen se ter cumprido as súas previsións, o Consello Superior Xeográfico poderá adoptar as medidas necesarias para producir a cartografía de que se trate.

3. As administracións públicas integradas no sistema poderán realizar acordos de cooperación entre elas, así como coas universidades e outras entidades públicas con competencia ou intereses na materia, para a produción de información xeográfica ou cartografía, dando conta á Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico.

#### Artigo 7. *Competencias da Administración xeral do Estado.*

1. As competencias da Administración xeral do Estado en materia de produción cartográfica distribúense entre os seguintes órganos:

a) Correspóndelle á Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional a planificación e programación da produción de cartografía topográfica e a formación e conservación das series cartográficas, básicas e derivadas, que constitúen a base do mapa topográfico nacional e aquelas outras que cubran todo o territorio nacional en escalas 1:25.000, 1:50.000 e menores.

b) Correspóndelle ao Instituto Hidrográfico da Mariña a planificación, a programación da produción, a formación e a conservación da cartografía náutica, tomando en consideración as competencias que lle corresponden á Dirección Xeral da Mariña Mercante e ao Ente Público Portos do Estado.

c) Correspóndelle ao Centro Xeográfico do Exército a produción da cartografía militar topográfica, ao Instituto Hidrográfico da Mariña a cartografía naval e ao Centro Cartográfico e Fotográfico do Exército do Aire a cartografía militar aeronáutica, respectivamente, de acordo coa súa normativa específica no ámbito da defensa. Neste contexto, no marco dos acordos de cooperación correspondentes, a Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e o Instituto Hidrográfico da Mariña proporcionarán gratuitamente a cartografía topográfica e náutica dispoñible que resulte necesaria para a produción de cartografía militar.

d) Correspóndelle á Dirección Xeral do Catastro a produción da cartografía catastral, de conformidade co establecido na disposición adicional primeira deste real decreto. Mediante os sistemas de colaboración que se establezan, poderá utilizar a cartografía topográfica que lle proporcione a Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional.

2. No marco da normativa internacional vixente en cada caso, a produción de cartografía temática será realizada polos centros directivos e organismos competentes na materia, a partir da cartografía topográfica e da cartografía náutica que proporcionen, respectivamente, a Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional ou o Instituto Hidrográfico da Mariña.

3. A Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e a Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Defensa establecerán os protocolos de actuación coordinada que regulen a cooperación entre os órganos cartográficos do Ministerio de Defensa e a Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional na realización de cartografía topográfica, salvagardando, en todo caso, os intereses prioritarios e normativa específica da defensa nacional. Tales protocolos deberán ser aprobados conxuntamente polos ministros de ambos os departamentos.

#### Artigo 8. *O Plan cartográfico nacional.*

1. O Plan cartográfico nacional é o instrumento de planificación da produción cartográfica oficial realizada pola Administración xeral do Estado.

2. O Plan cartográfico nacional terá unha vixencia quadrienal, aínda que poderá ser revisado cando as necesidades o aconsellen.

3. Corresponderalle ao Consello de Ministros a aprobación do Plan cartográfico nacional e das súas eventuais revisións. A súa proposta será formulada polo Consello Superior Xeográfico e será elevada ao Consello de Ministros polo titular do Ministerio de Fomento.

4. As propostas de aprobación ou revisión do Plan serán elaboradas pola Comisión Especializada do Plan Cartográfico Nacional, logo de consulta cos produtores de cartografía oficial. A proposta será sometida ao informe da Comisión Territorial e elevada ao Pleno do Consello Superior Xeográfico pola Comisión Permanente.

5. Non se poderá incluír no Plan a produción de cartografía xa inscrita no Rexistro Central de Cartografía, salvo que non reúna as necesarias condicións de actuali-

zación, se pretenda a súa revisión ou o seu titular denegase expresamente o permiso para a súa difusión.

6. O Plan cartográfico das Forzas Armadas incluíra a planificación da cartografía e información xeográfica militar; será elaborado polo Ministerio de Defensa, conforme a súa normativa específica, tomando en consideración o Plan cartográfico nacional.

#### Artigo 9. *Estrutura do Plan cartográfico nacional.*

O Plan cartográfico nacional terá, como mínimo, o seguinte contido:

a) Diagnóstico da situación da cartografía oficial no momento da súa elaboración.

b) Determinación dos obxectivos e necesidades que hai que cubrir en materia cartográfica durante o período de vixencia do Plan, a cuxa satisfacción se deberán orientar os proxectos de produción e actualización da cartografía oficial.

c) A planificación indicativa da actividade cartográfica da Administración xeral do Estado, que comprenderá os proxectos propostos pola Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos e entidades do sector público estatal que teñan o informe favorable da Comisión Permanente do Consello Superior Xeográfico, en materia de cartografía topográfica, náutica ou temática cuxa inscrición no Rexistro Central de Cartografía sexa obrigatoria.

d) A política de datos aplicable á difusión e accesibilidade da información xeográfica que se vai producir ao abeiro do Plan, así como os servizos de información e o sistema de protección de dereitos, incluídos os mecanismos de financiamento.

e) A forma de coordinación, mediante a planificación nacional, dos plans e programas de produción cartográfica das administracións públicas integradas no Sistema Cartográfico Nacional, salvagardando os intereses da defensa nacional.

f) A determinación de custos e financiamento; a este respecto, os programas de investimentos públicos do Estado que conteñan recursos destinados a produción cartográfica non poderán incluír proxectos que contradigan os obxectivos do Plan Cartográfico Nacional, salvo razóns de urxencia apreciadas polo Consello Superior Xeográfico por solicitude do órgano produtor.

De ser o caso, deberase precisar a forma e contía da contribución dos orzamentos xerais do Estado ao financiamento de proxectos comprendidos en plans e programas cartográficos das administracións públicas integradas no Sistema Cartográfico Nacional, con excepción daqueles incluídos no Plan cartográfico das Forzas Armadas.

g) As normas técnicas de produción de cartografía oficial e os criterios de homologación, harmonización e coordinación da produción cartográfica oficial.

h) A participación das administracións públicas en programas de investigación, desenvolvemento e innovación.

#### Artigo 10. *Programas operativos anuais.*

1. O Plan cartográfico nacional será desenvolvido mediante programas operativos anuais que establecerán para cada período as prioridades de actuación en materia de produción cartográfica, dentro das disponibilidades orzamentarias.

2. Correspóndelle á Comisión Especializada do Plan Cartográfico Nacional a elaboración, conforme a proposta dos produtores oficiais, do programa operativo anual, que se someterá á aprobación da Comisión Permanente do Consello Superior Xeográfico logo de coñecemento da Comisión Territorial.

3. A Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico determinará, coa conformidade dos produtores oficiais afectados, o procedemento que se vai seguir para a introdución previa e verificación posterior de parámetros de mellora continua nos programas operativos anuais nos que se articula o Plan cartográfico nacional, así como para a súa coordinación cos plans e programas de produción cartográfica das demais administracións públicas.

4. A Comisión Permanente poderá propoñer, se é o caso, a edición de publicacións incluídas no programa operativo anual. Estas publicacións formarán parte dos programas editoriais dos departamentos ministeriais correspondentes, conforme o Real decreto 118/2001, de ordenación das publicacións oficiais e o acordo do Consello de Ministros polo que se aprobe, con carácter anual, o Plan xeral de publicacións da Administración xeral do Estado.

#### Artigo 11. *Plans e programas de produción cartográfica das administracións autonómicas e locais.*

1. Os plans e programas das administracións autonómicas ou locais integradas no Sistema Cartográfico Nacional serán coordinados co Plan nacional a través da representación das ditas administracións no Consello Superior Xeográfico e non poderán incluír a produción de cartografía xa inscrita no Rexistro Central de Cartografía, salvo que esta non reúna as necesarias condicións de actualización, se pretenda a súa revisión ou o seu titular denegase expresamente o permiso para a súa difusión.

2. Correspóndelle a cada Administración autonómica ou local a aprobación dos seus respectivos plans ou programas de produción cartográfica, logo de informe do Consello Superior Xeográfico sobre os seguintes extremos do respectivo plan ou programa:

a) Adecuación do programa ou plan ás previsións do Plan cartográfico nacional e aos criterios de normalización.

b) Inexistencia de coincidencias significativas con outros plans ou programas xa aprobados ou coa cartografía inscrita no Rexistro Central de Cartografía.

c) Adecuación ao marco competencial e á distribución indicativa de atribucións no seo do Sistema Cartográfico Nacional.

3. A tramitación do informe do Consello Superior Xeográfico axustarase ás seguintes regras:

a) A Secretaría Técnica, no prazo de dez días hábiles desde a presentación da solicitude, elaborará o informe e remitirállelo aos membros das comisións territorial e permanente do Consello Superior Xeográfico.

b) Os membros das comisións territorial e permanente poderán formular observacións ao informe no prazo de 10 días hábiles desde a súa recepción.

c) O informe deberase tramitar no prazo máximo de 30 días hábiles desde a presentación da solicitude. A non-tramitación neste prazo equivalerá á emisión dun informe favorable.

4. O informe da Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico poderá conter as seguintes valoracións:

a) Informe favorable: se o informe for favorable, a Administración pública interesada poderá proceder á aprobación do plan ou programa de produción cartográfica.

b) Informe con observacións: se o informe formular observacións, a Administración pública interesada poderá emendalas e solicitar de novo o informe, que se deberá emitir no prazo de dez días hábiles. Para estes efectos, considéranse emendables as observacións relativas a cuestións técnicas, de normalización, a concomitancias ou duplicacións.

c) Se o informe for desfavorable, a Administración pública interesada poderá solicitar o informe da Comisión Territorial que, en caso de resultar favorable, permitirá a aprobación do plan ou programa; se o informe da Comisión Territorial for desfavorable e a Administración interesada aproba o plan ou programa, entenderase que denuncia o correspondente convenio de colaboración e solicita a separación do Sistema Cartográfico Nacional.

**Artigo 12. *Producción cartográfica oficial non planificada.***

1. Todas as administracións públicas integradas no Sistema Cartográfico Nacional deberán axustar a súa produción cartográfica ás previsións recollidas nos seus respectivos plans ou programas considerando a distribución indicativa de atribucións establecida neste real decreto.

Non obstante, as administracións públicas integradas no Sistema poderán producir cartografía non comprendida nos seus plans ou programas, conforme os seguintes requisitos:

a) Cando se trate da produción de cartografía básica, requirirase autorización previa do Consello Superior Xeográfico mediante informe emitido pola súa Secretaría Técnica.

b) Cando se trate da produción de cartografía topográfica ou temática que utilice como información de referencia cartografía oficial rexistrada, requirirase a comunicación previa ao Rexistro Central de Cartografía.

2. A autorización do Consello Superior Xeográfico para a produción de cartografía básica oficial non planificada estará supeditada á comprobación de que a dita cartografía non existe, ou a existente non está debidamente actualizada ou non se axusta a criterios normalizados. Esta autorización deberá selle notificar ao interesado no prazo de dez días desde a recepción da solicitude, e entenderase concedida en caso de falta de resolución expresa.

3. En caso de se denegar a autorización, a Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico proporcionalle á Administración interesada información sobre a Administración produtora e sobre a antigüidade e características técnicas da cartografía, conforme o contido no Rexistro Central de Cartografía. As administracións implicadas poderán acordar a cesión da cartografía existente nun determinado prazo, prezo, se é o caso, e condicións técnicas, ou a produción conxunta dunha cartografía actualizada.

Se non alcanzan un acordo, a Administración interesada poderá realizar a súa cartografía, logo de comunicación á Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico das razóns que lle impediron alcanzar un acordo. Deste escrito daráselles conta aos integrantes da Comisión Permanente e da Comisión Territorial do Consello Superior Xeográfico.

**Artigo 13. *Normalización de criterios de produción cartográfica.***

1. A cartografía incluída no Sistema Cartográfico Nacional deberase axustar a uns criterios normalizados, contidos nas normas cartográficas correspondentes e aprobadas mediante orde ministerial, por proposta do Consello Superior Xeográfico, polo ministro de Defensa cando se trate de cartografía básica náutica, ou polo ministro de Fomento cando se trate de cartografía básica topográfica.

2. A proposta de criterios normalizados deberá ser aprobada por unha maioría de, cando menos, dous terzos dos membros da Comisión Permanente, sempre que non se opoñan todos os vogais representantes das comunidades autónomas, por iniciativa da Comisión Especializada

de Normas Xeográficas ou da Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico.

3. O acordo que fixe estes criterios normalizados notificaráselles, mediante informe da Secretaría Técnica, a todos os axentes integrados no Sistema unha vez aprobados, conforme o disposto nos artigos terceiro e cuarto da Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, de ordenación da cartografía.

4. A produción de cartografía temática realizarase conforme os criterios específicos normalizados das organizacións internacionais das que España forma parte, que poderán ser incluídos, se é o caso, no acervo técnico do Plan Cartográfico Nacional.

**Artigo 14. *Difusión pública da información cartográfica.***

1. Os produtos e servizos cartográficos oficiais serán distribuídos e, se é o caso, comercializados polos órganos e organismos competentes das administracións públicas integradas no Sistema, de conformidade coas seguintes regras:

a) As administracións públicas integradas no Sistema poderán acceder gratuitamente aos produtos e servizos cartográficos oficiais que precisen para o exercicio das súas funcións públicas, de acordo coas especificacións dos seus produtores e conforme os criterios que estableza o Consello Superior Xeográfico.

b) As demais administracións públicas ou entidades do sector público e os particulares poderán acceder aos produtos e servizos oficiais conforme o sistema de taxas ou prezos establecido, de ser o caso, en cada Administración pública.

2. Non se poderá difundir nin comercializar información xeográfica ou cartografía oficial sen a autorización previa do seu produtor.

3. O Consello Superior Xeográfico, garantindo a adecuación á normativa internacional e ao Plan xeral de publicacións oficiais, establecerá os criterios xerais a que se deberán axustar, se é o caso, as políticas de difusión dos produtos e servizos cartográficos oficiais.

4. No ámbito da Administración xeral do Estado impulsárase unha política de difusión libre dos produtos cartográficos oficiais; en todo caso, os prezos públicos para obter ou acceder aos produtos e servizos cartográficos oficiais estableceranse mediante orde do ministro correspondente, logo de informe da Comisión Permanente do Consello Superior Xeográfico, que contará co asesoramento técnico do Centro Nacional de Información Xeográfica.

5. No dito ámbito, o Centro Nacional de Información Xeográfica manterá actualizada a relación de produtos de cartografía oficial rexistrada e de servizos cartográficos rexistrados e promoverá a súa difusión e, se é o caso, comercialización conforme a normativa vixente.

**CAPÍTULO IV**

**O Rexistro Central de Cartografía**

**Artigo 15. *O Rexistro Central de Cartografía.***

1. O Rexistro Central de Cartografía é un órgano administrativo adscrito ao Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional, que garante a fiabilidade e interoperabilidade dos datos xeográficos oficiais.

2. A xestión do rexistro estará totalmente informatizada e as inscricións practicaranse por orde de recepción das solicitudes.

3. O Rexistro Central de Cartografía e os rexistros de cartografía das administracións públicas integradas no Sistema Cartográfico Nacional estarán conectados tele-



maticamente. Para estes efectos, correspóndelle á Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico velar pola homoxeneidade e coherencia da información contida nos ditos rexistros e proporlle ao Consello Superior Xeográfico a aprobación de mecanismos para a colaboración e información mutua entre eles.

4. Non será preciso remitirle ao Rexistro Central de Cartografía aquela información que xa figure inscrita nun rexistro cartográfico autonómico, sendo suficiente coa comunicación do nome do arquivo informático que conste neste rexistro autonómico.

5. Correspóndelle ao Rexistro Central de Cartografía o exercicio das seguintes funcións:

- a) A inscrición da cartografía oficial.
- b) A inscrición das delimitacións territoriais e as súas variacións.
- c) A inscrición do Nomenclátor xeográfico nacional.
- d) A recompilación, normalización e difusión da toponimia oficial.

#### Artigo 16. *Acceso ao rexistro.*

1. O Rexistro Central de Cartografía ten carácter público.

2. A información do Rexistro Central de Cartografía estará dispoñible ao público a través da internet, de conformidade coas previsións do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.

3. O Rexistro Central de Cartografía expedirá gratuitamente certificacións sobre o contido da información inscrita.

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Cartografía oficial*

#### Artigo 17. *Cartografía inscristible.*

1. Deberanse inscribir no Rexistro Central de Cartografía as seguintes producións cartográficas das administracións públicas:

- a) A cartografía básica, topográfica e náutica.
- b) A cartografía derivada correspondente ou non a series nacionais así como as fotografías aéreas e imaxes espaciais que servisen de base para a súa realización e as ortofotos e ortoimaxes correspondentes, salvagardando os intereses prioritarios da defensa nacional.
- c) A cartografía temática elaborada polas administracións públicas, logo de decisión expresa do ministro correspondente ou da autoridade autonómica competente, tras informe do Consello Superior Xeográfico; a inscrición da cartografía temática militar necesitará a aprobación previa do ministro de Defensa.

2. Así mesmo, poderanse inscribir os produtos ou servizos cartográficos realizados por persoas físicas ou xurídicas privadas para os seus propios fins, sempre que satisfagan os criterios técnicos de homologación que determine o Consello Superior Xeográfico.

3. A inscrición da cartografía catastral básica ou temática rexeráse polo disposto no Real decreto 585/1989, do 26 de maio, polo que se desenvolve a Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, en materia de cartografía catastral.

#### Artigo 18. *Procedemento de inscrición da cartografía oficial.*

1. O procedemento para a inscrición obrigatoria da cartografía oficial será iniciado polo órgano competente da Administración produtora, que lle remitirá á Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico a solicitude co contido e requisitos que se establezan mediante orde do ministro de Fomento.

2. O Rexistro Central de Cartografía someterá a cartografía remitida ao trámite de homologación técnica que determine o Consello Superior Xeográfico e comprobará que non figura previamente inscrita ningunha cartografía cos mesmos atributos e características técnicas.

3. Comprobados os datos sinalados no punto anterior, o Rexistro Central de Cartografía procederá a efectuar a súa inscrición mediante a cobertura informática dunha ficha rexistral por produto ou por serie de produtos.

4. Nas fichas rexistrais da cartografía derivada deberá figurar a cartografía básica a partir da cal aquela foi obtida, e na ficha da cartografía temática indícarase a cartografía básica ou derivada que se utilizou como soporte desta. Non se poderá inscribir a cartografía, derivada ou temática, realizada a partir dunha cartografía non rexistrada.

#### Artigo 19. *Efectos da inscrición.*

1. A cartografía inscrita no Rexistro Central de Cartografía que fose producida polas administracións públicas, ou baixo a súa dirección e control, recibirá a cualificación de cartografía oficial rexistrada.

2. Salvagardando os intereses e necesidades da defensa nacional, a cartografía oficial rexistrada será de uso obrigatorio por todas as administracións públicas integradas no Sistema Cartográfico Nacional para a formación de nova cartografía derivada ou temática, cando aquela cubra todo o territorio que se vaia representar, esta suficientemente actualizada e teña unha escala superior, no caso da derivada, ou unha escala igual no caso da temática, salvo desacordo entre o produtor e o novo axente que queira producila. Este desacordo porase en coñecemento da Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico.

3. A cartografía oficial rexistrada gozará da protección do réxime xurídico de propiedade intelectual; ademais, a producida pola Administración xeral do Estado gozará do réxime xurídico das publicacións oficiais establecido polo Real decreto 118/2001, do 9 de febreiro.

4. A cartografía inscrita por solicitude de persoas físicas ou xurídicas privadas adquirirá validez como cartografía rexistrada ante as administracións públicas, aínda que sen a obrigatoriedade de uso por parte destas.

5. Os servizos cartográficos inscritos recibirán a denominación de servizos cartográficos rexistrados, e obterán un certificado de idoneidade da Administración xeral do Estado para participaren en concursos nacionais ou internacionais conforme se determine por orde do ministro de Fomento. Esta orde ministerial determinará as características técnicas que, conforme o establecido no artigo 33, e) 5.º deste real decreto, deba reunir a cartografía para recibir o certificado de idoneidade, que suporá a plena garantía de calidade e compatibilidade da cartografía ou dos servizos cartográficos inscritos para a participación naqueles concursos que convoque a Administración xeral do Estado en que sexa necesaria algunha representación cartográfica do territorio nacional.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Delimitacións territoriais*

#### Artigo 20. *Delimitacións territoriais.*

1. Deberanse inscribir obrigatoriedade no Rexistro Central de Cartografía as seguintes delimitacións territoriais:

- a) As fronteiras nacionais terrestres e marítimas.
- b) As delimitacións dos territorios das comunidades autónomas.
- c) Os límites das provincias.
- d) As liñas-límite dos termos municipais.
- e) A liña de costa.
- f) As liñas de base rectas.

- g) Os límites do dominio público marítimo-terrestre.
- h) Os límites correspondentes á plataforma continental.

2. Poderanse inscribir no Rexistro Central de Cartografía as delimitacións territoriais das entidades locais a que se refire o artigo 3.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, cando exista título xurídico suficiente.

3. A inscrición das delimitacións territoriais será requisito previo para que se autorice a súa inclusión na cartografía oficial. A cartografía oficial incluírá, exclusivamente, as delimitacións territoriais inscritas no Rexistro Central de Cartografía, ou no rexistro autonómico correspondente se está conectado con aquel.

#### Artigo 21. *Organización da información sobre delimitacións territoriais.*

1. O Rexistro Central de Cartografía organizará a información sobre delimitacións territoriais mediante un sistema informático que conteña unha folla rexistral individual para cada liña-límite xurisdiccional.

Para estes efectos, enténdese por liña-límite cada unha das liñas ideais cuxos extremos son puntos comúns a dous ou máis termos municipais, de forma que cada unha delas será compartida por dous municipios e, excepcionalmente, por máis de dous. Tamén terán esta consideración rexistral as fronteiras internacionais e as liñas de costa. No caso dos municipios situados dentro doutro termo municipal, a súa completa delimitación terá a consideración dunha única liña-límite para efectos rexistrais.

2. A inscrición de cada liña-límite deberá conter, como mínimo, a seguinte información:

- a) Identificación da liña.
- b) Definición da liña mediante a descrición xeométrica establecida polos vértices que a constitúen e a descrición literal das liñas que os unen.
- c) Referencia ao título xurídico en que ten orixe a súa inscrición.

#### Artigo 22. *Procedemento de inscrición das delimitacións territoriais.*

1. A inscrición das delimitacións territoriais practícase de oficio. No caso das fronteiras nacionais e outras delimitacións territoriais internacionais mediará informe previo favorable das comisións de límites do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

2. Terán o deber de lle remitir ao Rexistro Central de Cartografía a información e documentación necesaria para a inscrición os seguintes órganos administrativos e organismos públicos:

- a) A Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio de Administracións Públicas, respecto das delimitacións inscritas no Rexistro de Entidades Locais.
- b) O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, respecto das fronteiras nacionais.
- c) O Instituto Hidrográfico da Mariña, respecto das liñas de costa e aqueles aspectos técnicos cartográficos necesarios para a representación das liñas de base rectas e as delimitacións marítimas, unha vez aprobadas polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.
- d) A Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente, respecto das liñas que definen o dominio público e o deslindamento marítimo-terrestre.

3. Con obxecto de proceder á actualización da información sobre delimitacións territoriais, o Rexistro Central de Cartografía poderalles requirir a outros órganos e organismos das administracións públicas os datos e

documentación que precise sobre as liñas límite da súa competencia.

#### *Sección 3.ª Nomenclátor xeográfico nacional*

##### Artigo 23. *Nomenclátor xeográfico nacional.*

1. O Nomenclátor xeográfico nacional é un rexistro dinámico de información que recolle as denominacións oficiais referenciadas xeograficamente que se deben utilizar na cartografía oficial.

2. O Nomenclátor xeográfico nacional está constituído pola harmonización, e integración, se é o caso, de:

a) O Nomenclátor xeográfico básico de España, que comprenderá todas as denominacións oficiais xeorreferenciadas sobre cartografía topográfica a escalas de 1:25.000 e menores, tanto en castelán como nas linguas cooficiais correspondentes.

b) O Nomenclátor xeográfico de cada unha das comunidades autónomas, comprendendo cada un as denominacións oficiais xeorreferenciadas sobre cartografía topográfica a escala superior de 1:25.000 da respectiva comunidade autónoma.

3. A selección e tratamento das denominacións incluídas no Nomenclátor xeográfico nacional deberanse axustar aos criterios de toponimia aprobados pola Comisión Permanente do Consello Superior Xeográfico por proposta da Comisión Especializada de Nomes Xeográficos.

4. A cartografía oficial deberá incluír as denominacións incluídas no Nomenclátor xeográfico nacional.

##### Artigo 24. *Nomenclátor xeográfico básico de España.*

1. Correspóndelle á Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional a aprobación do Nomenclátor xeográfico básico de España, no cal se rexistrarán:

a) As denominacións oficiais das comunidades autónomas, as provincias, as illas, os municipios e as entidades locais de poboación, así como as súas variacións acordadas polas administracións públicas competentes. Non incorporará modificacións que se refiran ao nome das entidades locais sen que previamente aquelas quedasen inscritas no Rexistro de Entidades Locais.

b) Os topónimos correspondentes á orografía, hidrografía, vías de comunicación, comarcas naturais e outras formacións, coa referencia xeográfica que permita a súa localización na cartografía oficial, cando fosen aprobados pola Administración pública competente e polo Consello Superior Xeográfico.

2. O Rexistro Central de Cartografía formará o Nomenclátor xeográfico básico de España a partir das denominacións de que exista constancia nos arquivos da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional e do Instituto Hidrográfico da Mariña, establecendo a necesaria coordinación co Instituto Nacional de Estatística, coa Dirección Xeral do Catastro e co Rexistro de Entidades Locais.

3. Correspóndelle, ademais, á Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional:

a) A determinación da toponimia que afecte máis dunha comunidade autónoma, logo de informe da Comisión Especializada de Nomes Xeográficos.

b) A normalización e difusión da toponimia oficial en coordinación cos axentes competentes.

c) A formación das bases de datos da toponimia correspondente ao mapa topográfico nacional, xunto cos seus criterios de normalización.



### Artigo 25. *Inscripción das denominacións oficiais.*

1. Correspóndelle ao Consello Superior Xeográfico a aprobación do Nomenclátor xeográfico nacional.

2. Con carácter previo á súa aprobación, o Nomenclátor xeográfico nacional e as súas eventuais revisións e actualizacións someteranse a un trámite de información pública e, se é o caso, de audiencia, no marco dos artigos 86 e 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Tanto as administracións públicas como as persoas privadas, físicas ou xurídicas, poderán formular reparos ás denominacións, referencias e códigos contidos no Nomenclátor xeográfico nacional, achegando a documentación que os fundamente.

A decisión sobre a aceptación ou rexeitamento do reparo será adoptada polo Consello Superior Xeográfico, logo de informe da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional ou do órgano competente da comunidade autónoma correspondente.

3. A inscrición das denominacións do Nomenclátor xeográfico nacional no Rexistro Central de Cartografía, ou das variacións introducidas ás denominacións contidas neste, unha vez aprobadas, é un requisito indispensable para a súa inclusión na cartografía oficial.

4. Corresponderanlle á Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico as seguintes funcións:

a) Facilitar a conexión telemática entre o Nomenclátor xeográfico básico de España e o nomenclátor propio de cada Administración autonómica, garantindo a coherencia da información contida no Nomenclátor xeográfico nacional.

b) Velar pola actualización permanente do Nomenclátor xeográfico nacional.

c) Propor a publicación no «Boletín Oficial del Estado» da versión dispoñible máis actualizada, indicando o enderezo da internet onde pode ser consultado.

d) Vixiar a integración na Infraestrutura nacional de información xeográfica da versión máis actualizada.

## CAPÍTULO V

### Infraestrutura nacional de información xeográfica

#### Artigo 26. *Infraestrutura nacional de información xeográfica.*

1. Enténdese por Infraestrutura nacional de información xeográfica o conxunto de infraestruturas de datos espaciais que contén toda a información xeográfica oficial dispoñible sobre o territorio nacional, o mar territorial, a zona contigua, a plataforma continental e a zona económica exclusiva.

Para os efectos deste real decreto, terán a consideración de infraestrutura de datos espaciais aquelas estruturas virtuais integradas por datos xeorreferenciados distribuídos en diferentes sistemas de información xeográfica, accesibles vía internet cun mínimo de protocolos e especificacións normalizadas que, alén dos datos e as súas descrições (metadatos), inclúan as tecnoloxías de busca e acceso aos ditos datos, as normas para a súa produción, xestión e difusión, así como os acordos entre os seus produtores e entre estes e os usuarios.

2. Para asegurar a interoperabilidade entre os sistemas de información xeográfica integrados na Infraestrutura nacional de información xeográfica e entre estes e os usuarios externos, as solucións tecnolóxicas aplicadas deberán cumprir as normas nacionais en materia de información xeográfica e as especificacións que determine o Consello Superior Xeográfico, conforme estándares internacionais.

Así mesmo, a Infraestrutura nacional de información xeográfica deberá cumprir cos principios e especificacións vixentes nesta materia na Unión Europea.

#### Artigo 27. *Contido da Infraestrutura nacional de información xeográfica.*

A información incluída na Infraestrutura Nacional de Información Xeográfica, en ningún caso esencial para a defensa nacional, clasificarase en dúas categorías:

a) Información xeográfica de referencia, que comprende a información xerada polo equipamento xeográfico de referencia nacional, os bens inmobles inscritos no catastro coas súas correspondentes referencias catastrais e enderezos, os datos altimétricos, as instalacións, redes e infraestruturas do transporte, a hidrografía e a descrição da superficie terrestre e da zona costeira marítima próxima.

b) Datos temáticos fundamentais, que comprende os datos relativos ao medio físico, a sociedade e poboación, as áreas de especial protección ou regulación, o aire e clima, a biodiversidade e biota, os recursos naturais, a ocupación, cobertura e usos do solo, a xeoloxía, os riscos naturais e tecnolóxicos, os solos urbanos e as áreas afectables por novos desenvolvementos urbanísticos.

#### Artigo 28. *Competencias.*

1. Corresponderanlle ao Consello Superior Xeográfico as seguintes funcións en relación coa constitución e mantemento da Infraestrutura nacional de información xeográfica:

a) Propor as accións que deberán desenvolver as administracións públicas integradas no Sistema Cartográfico Nacional para o establecemento da Infraestrutura nacional de información xeográfica, actuando como órgano de dirección da dita infraestrutura nacional.

b) Velar por que se lles conceda ás autoridades públicas a posibilidade técnica de conectar os seus conxuntos de datos e servizos espaciais á rede internet.

c) Programar os traballos que permitan a constitución e operatividade efectiva da Infraestrutura nacional de información xeográfica, así como propor o seu modelo de financiamento e participación nos gastos de cada Administración integrada, que se exercerá, se é o caso, mediante convenios específicos de colaboración.

d) Determinar a composición do consello directivo que deberá controlar e dirixir a Infraestrutura nacional de información xeográfica e a súa xestión por parte da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional, así como formular ás autoridades competentes propostas sobre a política de cesión, distribución e difusión da información.

2. Sen prexuízo das funcións que este real decreto lle atribúe ao Consello Superior Xeográfico, a Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional actuará como coordinador e operador da Infraestrutura nacional de información xeográfica, mantendo e xestionando o portal nacional na rede internet, o cal deberá enlazar e ser capaz de dirixir aos usuarios cara aos portais e nodos establecidos polos axentes produtores de información xeográfica da Administración xeral do Estado e cara aos portais establecidos polas administracións autonómicas e locais.

Así mesmo, a Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional constituirá e manterá unha base de metadatos, directamente relacionada co Rexistro Central de Cartografía, a partir das descrições da información achegadas polos axentes produtores.

### Artigo 29. *Infraestrutura de Datos Espaciais de España (IDEE).*

1. Toda a información xeográfica proporcionada á Infraestrutura Nacional de Información Xeográfica polos distintos produtores oficiais estará dispoñible no enderezo «IDEE», sigla de Infraestrutura de Datos Espaciais de España. A información xeográfica accesible mediante o portal IDEE poderase agrupar en portais ou nodos sectoriais ou territoriais.

2. A información xeográfica proporcionada pola Administración xeral do Estado á Infraestrutura Nacional de Información Xeográfica agruparase baixo o enderezo «IDEAGE». A información xeográfica accesible mediante o portal IDEAGE poderase agrupar en portais ou nodos sectoriais.

3. A Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional constituirá e manterá o portal nacional da Infraestrutura de Datos Espaciais de España (IDEE) e o portal IDEAGE, que deberán permitir, cando menos, a localización de información xeográfica de referencia e dar acceso a ela en todos os portais e nodos integrados na Infraestrutura nacional de información xeográfica.

Todos os nodos con información xeográfica da Administración xeral do Estado serán accesibles a través do portal nacional IDEE e do portal IDEAGE.

4. En caso de non se crear o nodo correspondente a un dato de referencia polo axente responsable da produción da dita información xeográfica na Administración xeral do Estado, a Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico deberá actuar subsidiariamente, de acordo con tal axente, para constituír o nodo correspondente á referida información xeográfica.

### Artigo 30. *Servizos de información xeográfica.*

1. A información comprendida na Infraestrutura Nacional de Información Xeográfica xestionarase de forma integrada e proporcionaralles aos usuarios o acceso aos seguintes servizos de información xeográfica:

- a) Servizos de localización.
- b) Servizos de visualización.
- c) Servizos de descarga.
- d) Servizos de transformación.
- e) Servizos de datos espaciais.

2. O acceso aos servizos de información xeográfica realizarase a través da internet ou de calquera outro servizo de telecomunicacións e estará condicionado ao cumprimento polos interesados dos requirimentos técnicos que permitan a interoperatividade dos seus sistemas coa Infraestrutura Nacional de Información Xeográfica.

3. O acceso aos servizos de información xeográfica será público. Non obstante, o órgano xestor poderá denegar motivadamente o dereito de acceso a esta información cando prevalezan razóns de interese público, por intereses de terceiros máis dignos de protección ou cando así o dispoña unha lei ou as normas ditadas no seu desenvolvemento. En todo caso, poderase denegar o acceso á información xeográfica nos supostos previstos no artigo 37.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. O acceso aos servizos de información xeográfica será gratuito para as entidades que formen parte do Sistema Cartográfico Nacional.

Os restantes usuarios poderán acceder aos servizos de información xeográfica de localización e visualización de maneira gratuita, e aos demais servizos de maneira gratuita ou conforme o sistema de taxas ou prezos establecido en cada Administración pública. Excepcionalmente, logo de informe do Consello Superior Xeográfico, o produtor poderá someter ao sistema de taxas ou prezos

algún servizo de visualización da Infraestrutura Nacional de Información Xeográfica.

5. As autoridades públicas poderán limitar o acceso público aos conxuntos e servizos de datos espaciais a través dos servizos mencionados, ou aos servizos de comercio electrónico, cando o dito acceso poida afectar negativamente calquera dos seguintes aspectos:

a) A confidencialidade dos procedementos das autoridades públicas, cando tal confidencialidade estea ordenada por lei.

b) As relacións internacionais, a defensa nacional ou a seguranza pública.

c) O desenvolvemento de procedementos xudiciais, a capacidade dunha persoa para ter un xuízo xusto ou a capacidade dunha autoridade pública de realizar unha investigación de índole civil, penal ou disciplinaria.

d) A confidencialidade de datos de carácter comercial e industrial, cando a dita confidencialidade estea recollida na lexislación nacional ou comunitaria co fin de protexer intereses económicos lexítimos, incluído o interese público de manter a confidencialidade estatística e o segredo fiscal.

e) A confidencialidade dos datos ou expedientes persoais correspondentes a unha persoa física, conforme o establecido pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, nos casos en que esta non autorizase a súa difusión ao público.

f) Os intereses ou a protección de toda persoa que facilitase a información solicitada con carácter voluntario sen estar, ou sen ser susceptible de estar, sometida a unha obriga legal de facelo, salvo que a dita persoa consentise a divulgación da información de que se trate.

g) A protección do ambiente a que se refira a información, especialmente canto á localización de especies ou de lugares de reprodución.

Os motivos que xustifican a limitación do acceso interpretaranse de maneira restritiva, tendo en conta, en cada caso concreto, o interese público que ampara a garantía de acceso. En cada caso concreto, o interese público en que se ampara a divulgación deberase sopesar co interese que xustifica a limitación ou condicionamento do acceso.

## CAPÍTULO VI

### O Consello Superior Xeográfico

#### Artigo 31. *O Consello Superior Xeográfico.*

1. O Consello Superior Xeográfico é o órgano de dirección do Sistema Cartográfico Nacional, ten carácter colexiado, depende do Ministerio de Fomento e exerce a función consultiva e de planificación da información xeográfica e a cartografía oficial.

2. Serán órganos do Consello Superior Xeográfico os seguintes:

- a) O Pleno.
- b) A Comisión Permanente.
- c) A Comisión Territorial.
- d) As comisións especializadas.
- e) A Secretaría Técnica.

#### Artigo 32. *Composición do Pleno.*

1. A Presidencia do Consello Superior Xeográfico será exercida polo subsecretario de Fomento. Existirán tres vicepresidencias, que corresponderán ao director xeral do Instituto Xeográfico Nacional, ao director do Instituto Hidrográfico da Mariña e ao director xeral do Catastro.

2. Ademais do presidente, os vicepresidentes e o secretario técnico, integrarán o Pleno os seguintes membros:

a) En representación da Administración xeral do Estado:

1.º Un vogal representante de cada un dos seguintes departamentos ministeriais por proposta do titular da subsecretaría correspondente: Asuntos Exteriores e de Cooperación; Xustiza: Administracións Públicas; Presidencia; Industria, Turismo e Comercio; Sanidade e Consumo; Vivenda; e Educación e Ciencia.

2.º Dous vogais en representación do Ministerio de Economía e Facenda: un por proposta do director xeral do Catastro e outro por proposta do Instituto Nacional de Estatística.

3.º Tres vogais en representación do Ministerio de Medio Ambiente: dous por proposta do secretario xeral para o Territorio e a Biodiversidade e outro por proposta da Subsecretaría do Departamento.

4.º Tres vogais en representación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación: un por proposta do presidente do Fondo Español de Garantía Agraria e dous por proposta da Subsecretaría do Departamento.

5.º Catro vogais en representación do Ministerio de Defensa: os titulares do Centro Xeográfico do Exército e do Centro Cartográfico e Fotográfico do Exército do Aire; outro por proposta da Subsecretaría do Departamento, e outro por proposta da Secretaría de Estado do Departamento.

6.º Catro vogais en representación do Ministerio de Fomento: un por proposta da Secretaría de Estado de Infraestruturas e Planificación; dous por proposta do director xeral do Instituto Xeográfico Nacional, e o director do Centro Nacional de Información Xeográfica.

7.º Un vogal representante proposto por cada un dos seguintes centros directivos ou organismos públicos: Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, Consello Superior de Investigacións Científicas, Instituto Nacional de Meteoroloxía, Instituto Xeolóxico e Mineiro de España, Dirección Xeral de Aviación Civil, Dirección Xeral da Mariña Mercante, Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial, Secretaría Xeral de Turismo, Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, Departamento de Infraestrutura e Seguimento para Situacións de Crise, Instituto Español de Oceanografía e Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

b) En representación das comunidades autónomas:

1.º Un vogal en representación de cada comunidade autónoma, cando voluntariamente se integrase no Sistema Cartográfico Nacional por iniciativa do seu respectivo órgano de goberno.

2.º Un vogal en representación de cada comunidade autónoma que non se integrase no Sistema Cartográfico Nacional e que acorde participar no Consello Superior Xeográfico.

c) Seis vogais en representación das cidades con estatuto de autonomía e demais entidades locais, por proposta da asociación de ámbito estatal de maior representación, dos cales a metade, cando menos, en representación de municipios de gran poboación integrados no Sistema Cartográfico Nacional. Ningunha entidade local poderá contar con máis dun representante.

3. Os vogais terán relación co campo da información xeográfica ou a cartografía e o seu nomeamento será acreditado pola Secretaría Técnica do Consello. Por cada vogal e polo mesmo procedemento que para os titulares, será nomeado un vogal suplente.

4. Os vogais cesarán por proposta da mesma autoridade ou organismo que propuxo o seu nomeamento, salvo o disposto para aqueles que o sexan en virtude do posto que desempeñan.

5. O Pleno do Consello contará cun comité consultivo, cuxo presidente asistirá ao Pleno do Consello, inte-

grado polos seguintes membros representantes de diversas entidades do sector:

1. O presidente da Real Sociedade Xeográfica.
2. O presidente do Comité Español da Unión Xeográfica Internacional.
3. O director executivo do Observatorio da Sustentabilidade en España.
4. O decano do Colexio Oficial de Rexistradores.
5. O presidente da Asociación de Enxeñeiros Xeógrafos.
6. O presidente do Colexio Oficial de Xeógrafos.
7. O presidente da Asociación de Xeógrafos Españóis.
8. O presidente da Sociedade Española de Cartografía, Fotogrametría e Teledetección.
9. O presidente da Asociación Española de Sistemas de Información Xeográfica.
10. O presidente da Asociación de Enxeñeiros en Xeodesia e Cartografía.
11. O decano-presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos en Topografía.
12. O decano dunha facultade universitaria de Xeografía, designado polo presidente do Consello Superior Xeográfico para un período de tres anos.
13. O director dunha escola universitaria de Enxeñería en Xeomática e Topografía, designado polo presidente do Consello Superior Xeográfico para un período de tres anos.
14. O director dalgún Instituto Cartográfico Europeo, designado polo presidente do Consello Superior Xeográfico para un período de tres anos.
15. O máximo executivo dalgunha organización internacional do ámbito cartográfico, designado polo presidente do Consello Superior Xeográfico para un período de tres anos.

### Artigo 33. *Funcións do Pleno.*

O Pleno exercerá as seguintes funcións:

- a) Emitir informe, con carácter preceptivo, sobre os proxectos de cantas disposicións xerais afecten o Sistema Cartográfico Nacional.
- b) Tomar coñecemento da integración e da separación dunha Administración autonómica do Sistema Cartográfico Nacional, así como da súa posible reintegración.
- c) Programar, con carácter anual, a súa actividade e a das súas comisións.
- d) Emitir informe, con carácter preceptivo, sobre a modificación do Sistema de Referencia Xeodésico ou do Sistema de Proxección Cartográfica, así como sobre a constitución de sistemas oficiais de información xeográfica non desenvolvidos mediante mandado legal e, especialmente, impulsar a creación e mantemento dunha Infraestrutura Nacional de Información Xeográfica mediante o exercicio das funcións especificadas no artigo 28 deste real decreto.
- e) En materia de produción cartográfica:
  - 1.º Proporlle ao titular do Ministerio de Fomento o Plan cartográfico nacional para a súa elevación e, se é o caso, aprobación polo consello de ministros.
  - 2.º Autorizar a produción de cartografía oficial básica e derivada en escalas distintas das adoptadas na regulación do Sistema Cartográfico Nacional a cada Administración pública integrada, así como articular os medios adecuados para realizar a produción e actualización de cartografía básica e derivada non realizada nas escalas asignadas na regulación do sistema a cada Administración pública integrada.
  - 3.º Autorizar excepcións de produción cartográfica oficial, por razóns técnicas ou económicas, ás administracións integradas no sistema.



4.º Tomar coñecemento dos acordos de colaboración e cooperación en materia de produción cartográfica entre administracións públicas, ou entre estas e as universidades ou outras entidades públicas.

5.º Establecer e dar publicidade aos criterios mínimos de idoneidade que deberán satisfacer os traballos, produtos e servizos cartográficos oficiais.

6.º Emitir informe sobre os pregos xerais de prescricións técnicas que utilicen os axentes da Administración xeral do Estado e os demais axentes do sistema, cando estes últimos os sometan á homologación do Consello.

7.º Canalizar e equilibrar a oferta e a demanda dos axentes produtores de cartografía oficial integrados no sistema mediante a posta en común, a través do Rexistro Central de Cartografía, de toda a información sobre cartografía oficial existente ou en fase de planificación ou produción.

8.º Tomar coñecemento, en termos homoxéneos, do custo de produción da cartografía oficial de cada Administración pública integrada no Sistema.

9.º Propor as normas xeográficas para a execución da cartografía básica e da derivada correspondente a series nacionais ao titular do Ministerio de Fomento, tratándose de cartografía topográfica, ou ao titular do Ministerio de Defensa no caso da cartografía náutica.

10.º Propor a aprobación oficial da cartografía básica, e da derivada correspondente a series nacionais ao ministro que corresponda segundo o punto anterior.

11.º Informar os titulares dos ministerios de Fomento e de Defensa sobre cantos asuntos estes lle encomenden en relación coas actividades cartográficas públicas.

12.º Determinar recomendacións de difusión pública e proporlles ás autoridades competentes a súa aprobación, así como criterios e procedementos para o intercambio gratuito de datos e produtos cartográficos entre os axentes integrados no sistema, no marco das normas e acordos, nacionais e internacionais, aplicables; igualmente, determinar os casos a que se poderá aplicar o sistema de taxas ou prezos públicos cando se trate de servizos de visualización da Infraestrutura Nacional de Información Xeográfica.

f) En materia do Rexistro Central de Cartografía:

1.º Fomentar a coordinación e, se é o caso, conexión telemática entre o Rexistro Central de Cartografía e os rexistros cartográficos das comunidades autónomas.

2.º Fomentar a coordinación entre as administracións competentes en materia de nomes xeográficos e aprobar o Nomenclátor xeográfico nacional.

g) As demais atribucións que lle sinalen as leis e regulamentos e, especialmente, tomar coñecemento e aprobar, se é o caso, os informes da Comisión Permanente e demais comisións do Consello, así como conciliar os posibles conflitos que xurdan entre as administracións públicas integradas no Sistema Cartográfico Nacional.

#### Artigo 34. *A Comisión Permanente.*

1. A Comisión Permanente estará presidida polo director xeral do Instituto Xeográfico Nacional. Existirán dúas vicepresidencias, que recaerán no director do Instituto Hidrográfico da Mariña e no director xeral do Catastro. Así mesmo, estará integrada polos seguintes vogais designados polo presidente do Pleno:

- a) Un dos vogais incluídos no artigo 32.2.a) 2.º
- b) Un dos vogais incluídos no artigo 32.2.a) 3.º
- c) Un dos vogais incluídos no artigo 32.2.a) 4.º
- d) Dous dos vogais incluídos no artigo 32.2.a) 5.º
- e) Dos dos vogais incluídos no artigo 32.2.a) 6.º
- f) Dous dos vogais incluídos no artigo 32.2.a) 7.º
- g) Catro dos vogais incluídos no artigo 32.2.b) 1.º, por proposta dos vogais pertencentes a esta categoría.

h) Dous dos vogais incluídos en artigo 32.2.c), por proposta dos vogais pertencentes a esta categoría.

i) Os presidentes das comisións especializadas do Consello, se non están incluídos nalgún dos casos anteriores.

j) O secretario técnico do Consello Superior Xeográfico, que actuará como secretario da Comisión, con voz pero sen voto.

2. Será convocado á Comisión Permanente o membro do Pleno ou representante da Administración cuxo plan ou programa cartográfico, ou asunto da súa competencia, figure na orde do día dos asuntos que se vaian tratar. Poderá participar con voz pero sen voto adicional.

3. Poderán ser convocados á Comisión Permanente o presidente e o secretario do Comité Consultivo do Pleno, que serán elixidos por maioría entre os seus membros por un período de tres anos. Poderán participar con voz pero sen voto.

4. Correspóndelle á Comisión Permanente coñecer os asuntos que sexan competencia do Pleno e tomar decisións sobre eles se se alcanza unha maioría de dous terzos dos seus membros presentes; así como resolver as cuestións de carácter urxente que exixan unha decisión inmediata ou as que lle delegase o Pleno. En tales circunstancias darállese cumprida información ao primeiro Pleno que se celebre; en todo caso, será de aplicación o disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

#### Artigo 35. *A Comisión Territorial.*

1. A Comisión Territorial coñecerá os proxectos e disposicións que afecten a ordenación do Sistema Cartográfico Nacional, e deberá informar con carácter previo ao exercicio polo Pleno das funcións incluídas nas alíneas a), b), d), f), g) e nos números 2.º, 3.º, 4.º e 12.º da alínea e) do artigo 33.

2. A Comisión Territorial estará presidida polo presidente da Comisión Permanente e contará cun representante de cada unha das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía integradas no Sistema Cartográfico Nacional e cun representante proposto pola asociación de entidades locais de maior implantación no territorio nacional. Actuará como secretario o do Pleno. O seu informe terá carácter vinculante para a Comisión Permanente cando verse sobre os plans e programas cartográficos das administracións autonómicas e locais integradas no Sistema Cartográfico Nacional.

#### Artigo 36. *Comisións especializadas.*

1. Como órganos de estudo e proposta en canto á preparación das decisións da Comisión Permanente e do Pleno, constituiranse as seguintes comisións especializadas:

- a) Comisión Especializada do Sistema Xeodésico.
- b) Comisión Especializada do Plan Cartográfico Nacional.
- c) Comisión Especializada de Normas Xeográficas.
- d) Comisión Especializada de Observación do Territorio.
- e) Comisión Especializada de Infraestruturas de Datos Espaciais.
- f) Comisión Especializada de Nomes Xeográficos.

2. Cada unha destas comisións especializadas estará integrada por un mínimo de cinco expertos na materia de que se trate e un máximo de sete, e un presidente e un secretario, de maneira que ningunha delas estea formada soamente por integrantes dun único nivel territorial de Administración. O presidente será algún dos vogais do Pleno. Todos eles serán seleccionados pola Comisión Per-

manente e nomeados polo presidente desta para períodos mínimos de tres anos; o seu cesamento, antes da conclusión dese período, poderá ser adoptado por maioría de dous terzos da Comisión Permanente.

3. Cada unha destas comisións especializadas poderá solicitar autorización á Comisión Permanente para a constitución de grupos de traballo propios, especialmente para o desenvolvemento de traballos específicos que se lle asignasen.

4. Cada presidente de comisión especializada someterá á Comisión Permanente unha proposta de actuación anual e, se é o caso, a súa previsión anual de necesidades financeiras.

#### Artigo 37. *Secretaría Técnica.*

1. A Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico será desempeñada pola Secretaría Xeral da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional.

2. Correspóndenlle á Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e, en particular, as seguintes:

a) Prover os recursos e medios necesarios, así como garantir a viabilidade xurídica e establecer os procedementos administrativos oportunos, para o exercicio das competencias técnicas e xestoras atribuídas ao Consello Superior Xeográfico.

b) Manter informados todos os representantes das distintas administracións no Pleno do Consello Superior Xeográfico sobre as actividades das súas comisións, comisións especializadas e grupos de traballo.

c) Expedir ou, se é o caso, supervisar a expedición da certificación do cumprimento dos requisitos e especificacións técnicas de idoneidade determinados polo Consello Superior Xeográfico en relación cos traballos, produtos e servizos cartográficos da Administración xeral do Estado, así como o exercicio operativo e aplicación, baixo a superior autoridade do Consello Superior Xeográfico, das funcións atribuídas a este polo artigo 33 deste real decreto e emitir os informes que, en consecuencia, correspondan.

d) A análise e seguimento da execución do Plan cartográfico nacional, así como a proposta de accións de mellora dos programas operativos anuais.

#### Disposición adicional primeira. *Cartografía catastral.*

1. A cartografía catastral, que ten a consideración de cartografía temática, rexerese polo establecido no Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario e as súas normas de desenvolvemento e, supletoriamente, polo establecido neste real decreto.

2. Cando exista cartografía topográfica básica oficial inscrita no Rexistro Central de Cartografía e debidamente actualizada, realizada por algún dos axentes integrados no Sistema Cartográfico Nacional, a cartografía catastral correspondente será actualizada ou realizada a partir dela.

3. En ausencia da cartografía topográfica necesaria ou en caso de non ter chegado a un acordo co axente produtor, a Dirección Xeral de Catastro poderá producila, conforme os criterios de idoneidade establecidos polo Consello Superior Xeográfico, dando conta á Secretaría Técnica.

#### Disposición adicional segunda. *Designación de representantes das comunidades autónomas.*

A solicitude de participación de cada comunidade autónoma no Sistema Cartográfico Nacional e o correspondente convenio de colaboración deberán determinar

o órgano ou centro directivo da Administración autonómica responsable da proposta do vogal no Consello Superior Xeográfico e encargado do mantemento das relacións coa súa Secretaría Técnica. O convenio poderá incluír entidades do sector público autonómico.

#### Disposición adicional terceira. *Sistema de integración e de designación de representantes das entidades locais.*

1. A solicitude de participación de cada entidade local no Sistema Cartográfico Nacional seralle remitida ao Consello Superior Xeográfico polo vogal representante da comunidade autónoma correspondente. A Secretaría Técnica do Consello comunicarllo á asociación de entidades locais de maior implantación no territorio nacional con anterioridade á subscripción do correspondente convenio de colaboración.

2. Se unha comunidade autónoma non se integra no Sistema Cartográfico Nacional, as entidades locais do seu ámbito territorial poderán solicitar, a través da referida asociación de entidades locais, a súa participación no Sistema.

3. Para estes efectos, as cidades con estatuto de autonomía rexeranse polo establecido na disposición adicional segunda.

#### Disposición adicional cuarta. *Autorización de voos para traballos cartográficos.*

1. A Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico, no prazo máximo de seis meses, logo de informe preceptivo da Comisión Especializada de Observación do Territorio, proporalle á Comisión Interministerial entre Defensa e Fomento a que se refire o artigo 6 da Lei 21/2003, de seguranza aérea, o procedemento de autorización de voos para traballos cartográficos, que deberá ser aprobado mediante orde do ministro da Presidencia.

2. O voo con finalidades cartográficas sobre as zonas prohibidas, nos termos do Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea, soamente poderá ser realizado, salvo outras posibilidades que recolla o procedemento previsto no punto anterior, polo Centro Cartográfico e Fotográfico do Exército do Aire.

3. O voo con finalidades cartográficas sobre as zonas restrinxidas, nos termos do Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea, precisará de autorización do Ministerio de Defensa (Estado Maior do Aire), no prazo máximo de vinte días hábiles e logo de informe da Dirección Xeral de Aviación Civil, en canto se aproba o procedemento previsto no punto primeiro desta disposición.

#### Disposición adicional quinta. *Contratación pública.*

Os informes da Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico a que se refire este real decreto formarán parte dos expedientes de contratación que teñan por obxecto a realización de cartografía básica, derivada ou temática na Administración xeral do Estado e os seus organismos ou entidades dependentes.

#### Disposición adicional sexta. *Actividade internacional.*

1. A Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional desempeñará a representación oficial da Administración xeral do Estado nos foros internacionais en materia de cartografía básica topográfica, de nomes xeográficos e da información xeográfica correspondente, e o Instituto Hidrográfico da Mariña en materia de cartografía básica náutica e da información xeográfica correspondente, sen prexuízo dos intereses da defensa nacional nin das com-

petencias do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

2. A Administración xeral do Estado, a través de ambos os institutos, proporá a incorporación ao Sistema Cartográfico Nacional da normativa técnica en materia cartográfica aprobada polas institucións internacionais competentes, velará pola súa aplicación na cartografía oficial española e asumirá funcións de control para asegurar a continuidade da cobertura cartográfica producida polas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía limítrofes con outros Estados.

3. A Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional dará conta á Comisión Permanente e á Comisión Territorial do Consello Superior Xeográfico das reunións de ámbito internacional en materia cartográfica que estea previsto celebrar e daquelas a que asistise, podendo propor ambas as comisións a participación en tales reunións dalgún dos seus vogais formando parte da delegación oficial española.

Disposición adicional sétima. *Información técnica.*

A Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico informará os distintos ministerios sobre calquera cuestión relacionada coas súas funcións no ámbito da cartografía e a información xeográfica, e prestaralles a colaboración técnica que aqueles soliciten neste ámbito.

Disposición transitoria única. *Constitución do Sistema Cartográfico Nacional.*

No prazo máximo de nove meses desde a entrada en vigor deste real decreto, os órganos competentes da Administración xeral do Estado adoptarán as medidas necesarias para o correcto desenvolvemento das prescricións

establecidas nel e, xunto coas administracións autonómicas e locais que soliciten a súa participación, constituirase o Sistema Cartográfico Nacional unha vez subscritos os correspondentes convenios de colaboración.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións regulamentarias:

a) Real decreto 2039/1994, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de réxime xurídico e de funcionamento do Rexistro Central de Cartografía.

b) Real decreto 1792/1999, do 26 de novembro, polo que se regulan a composición e funcionamento do Consello Superior Xeográfico.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízanse os ministros de Fomento e de Defensa, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de novembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ